

# A LEDICIA DE LER

“A Galicia rural na encrucillada”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 27 de abril de 1975



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

## A Galicia rural na encrucillada

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 27 DE ABRIL DE 1975

Unha das posturas máis negativas das moitas que se adoptaron fronte á complexa realidade económica, social, política e cultural de Galicia consistía (e segue consistindo en sectores non pequenos do país) na preguizosa repetición de tópicos aceptados de antemán, sen sometelos nunca ao saudable movemento selectivo de peneira. Unhas veces por sentimentalismo idealista, e outras por mimetismo, a interpretación de feitos tan importantes como o papel do potencial de cambio que encerra o campesiñado, as formas de relación entre clases produtoras e non produtoras, a emigración, a arquitectura rural, e outros máis, ten sido moi pouco fecunda. Pode dicirse que a escasa eficacia acadada na práctica (ou na praxe política, se se entende mellor) deriva deste feito, pois é claro que resulta imposible actuar positivamente sobre a realidade sen coñecer antes os fíos máis grosos que entraman o seu tecido. Nesta realidade é patente o peso da Galicia campesiña, ignorada hoxe tanto por quen desprezan as súas posibilidades como factor positivo de cambio, como por aqueles que aceptan como fatal feito consumado a destrución irremediable da nosa sociedade rural.

A esta Galicia que se atopa diante dun futuro incerto e non demasiado optimista, vai consagrado o libro *A Galicia rural na encrucillada*, que esta semana salta á rúa dende o prelo da editorial “Galaxia”<sup>1</sup>. Trátase dun volume colectivo debido á pluma de trece autores (neste caso bo número pese ao agoirento dito castelán) que no seu día participaron no ciclo de conferencias que baixo ese mesmo título

organizara a agrupación cultural “O Facho” da Coruña. O total dos traballos, que suman catrocentas trinta e dúas páxinas, están agrupados nos cinco apartados seguintes: O home e mais o medio, As relacións económicas e sociais, O marco xurídico enxebre, A incidencia institucional e Alternativas cara ao futuro inmediato.

No primeiro apartado recóllense tres traballos: un de García-Sabell sobre algunhas consideracións encol do enfermo galego, outro de Xosé Manuel Beiras que estuda o papel da emigración na dinámica de formación social galega e unha análise da arquitectura no medio rural, feita polo arquitecto Manuel Gallego Jorreto. O segundo está integrado pola conferencia de Mario Orjales Pita, que trata da crise da casa como sistema de produción e de convivencia, e polas de Ramón L. Suevos e Xosé R. Vilas Nogueira dedicadas respectivamente ao papel do excedente agrícola na economía galega e ao conflito explícito na relación entre vila e aldea. No apartado terceiro recóllese unicamente a reflexión de Xosé L. R. Pardo sobre Dereito e sociedade en Galicia. No quinto, o enxeñeiro Odón L. Abad Flores ocúpase da incidencia e futuro do IRYDA na Galicia rural, e Valentín Arias (mestre) e Xaquín Gómez Barros (crego) achegan a súa experiencia para un mellor coñecemento da problemática que afectan o mestre e o crego que realizan o seu labor no marco do mundo campesiño. Finalmente, no apartado das alternativas cara ao futuro, Avelino Pousa Antelo, Camilo Nogueira Román e Xosé Gonzalo de la Huerga Fidalgo contribúen á tarefa colectiva con traballos sobre capitalismo e cooperativismo, industrialización e desenvolvemento agrario, e as institucións de goberno nos nosos medios aldeáns.

Como se pode apreciar, o panorama abranguido é considerable. En conxunto, este fato de ensaios supón un esforzo de interpretación do noso mundo rural que non ten igual no panorama político de Galicia. Será moi difícil nos anos que se

achegan elaborar ningún programa de actuación sobre a realidade galega sen ter en conta algunhas das liñas definidoras aquí expostas, moitas das cales teñen unha intencionalidade clarísima ao respecto. E será aínda máis difícil seguir utilizando esquemas e análises simplistas que este libro apuntilla definitivamente. Nesa orde de cousas, a súa utilidade vai ser moi grande, sumándose así a esa pequena morea de estudos que ultimamente veñen iluminando de maneira intensa ese ata hai pouco tempo escuro dominio, e dos que é importante guieiro o libro de Xosé Manuel Beiras sobre o atraso económico de Galicia. Tal como se di na presentación do volume, se se quere comprender o subdesenvolvemento galego e se se quere trazar unha estratexia para esnaquizalo e encamiñarse polas rutas do progreso social liberador, antes hai que coñecer en profundidade os problemas que afectan o home galego e os seus intereses. Se esa é a finalidade da obra que comentamos, non hai dúbida de que o conseguirá. Persoalmente, o único que boto en falta nela é un tratamento específico do tema do idioma, que, non obstante, aparece repetidamente aludido e incluso parcialmente estudado por Valentín Arias no seu ensaio, e por García-Sabell, que nas últimas páxinas da súa conferencia inicia unhas anotacións sobre a lingua empregada polos enfermos que esperamos que algún día poida desenvolver con maior amplitude.

\* \* \*

---

<sup>i</sup> *A Galicia rural na encrucillada*. Colección "Alén Nós", Editorial Galaxia, Vigo, 1975. Contén traballos de D. García-Sabell, Xosé M. Beiras, M. Gallego Jorroto, Mario Orjales, Ramón L. Suevos, Xosé R. Vilas Nogueira, Xosé Luis R. Pardo, O. L. Abad Flores, Valentín Arias, X. Gómez Barros, A. Pousa Antelo, Camilo Nogueira e X. G. de la Huerga Fidalgo.